



## XEFACTURA TERRITORIAL DA CORUÑA.

### PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNOS (2019-2020)

#### INSTRUCCIÓN PARA OS CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS

As seguintes instrucións dítanse trala publicación do Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4 de maio); da Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 15 de marzo), modificada pola Orde do 25 de xaneiro de 2017 (DOG do 1 de febreiro) e das Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o proceso de admisión do alumnado para o curso 2019 - 2020 de febreiro de 2019.

#### **Punto 1.- Ámbito de aplicación.**

Estas instrucións serán de aplicación en todos os centros docentes públicos e privados concertados da provincia da Coruña que imparten algunha das ensinanzas citadas no parágrafo anterior.

#### **Punto 2.- Simultaneidade de estudos**

Para dar cumprimento ao indicado no artigo 5 da Orde do 12 de marzo de 2013, os alumnos que cursen simultaneamente estudos de música ou danza e ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, terán prioridade para seren admitidos nos seguintes centros:

A Coruña - IES Salvador de Madariaga  
Ferrol - IES Ricardo Carballo Calero  
Santiago de Compostela - IES Antón Fraguas

#### **Punto 3. Sobre información ao alumnado e aos pais, nais ou titores legais.**

Os centros farán público o criterio complementario e a forma de acreditaio, pero non será necesario envialo á xefatura territorial salvo que sexa modificado.

As direccións dos centros públicos e os titulares dos centros privados concertados deberán dar cumprimento, de forma rigorosa, ás indicacións sinaladas no artigo 13 da Orde do 12 de marzo de 2013. **É obrigatorio que toda a información recollida nesa disposición estea exposta no taboleiro de anuncios dos centros o día 1 de marzo do presente ano.**



Ademais, deben publicarse estas instrucións e as da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

#### **Punto 4. Sobre a solicitude**

**4.1.-** A solicitude será única, realizada no modelo anexo II (procedemento ED550B), aprobado pola Orde de 25 de xaneiro de 2017, que poderá cumprimentarse na aplicación **admisionalumado** ou descargarse e cumprimentarse de forma manual polas familias.

**4.2.-** Tamén se poderá descargar, e logo cumprimentar, da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, na dirección <http://www.xunta.es/portada>, e da páxina web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, na dirección <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/26923>.

**4.3.-** Os centros educativos facilitarán, de forma gratuíta, unha copia en papel do formulario ás persoas interesadas que a soliciten.

**4.4.-** Coa solicitude, en calquera caso, deberá achegarse a documentación recollida no punto 5 da Orde do 25 de xaneiro:

**a).-** Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, cando denegue a súa consulta.

**b).-** Documento acreditativo do requisito de idade do/da alumno /a.

**c).-** Documento acreditativo de estar en disposición de reunir os requisitos académicos exixidos en cada nivel educativo ou etapa nos termos do Anexo II.

**d).-** Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso.

**4.5.-** Na mesma solicitude os representantes legais do alumno deberán manifestar se desexan ou non utilizar os servizos complementarios.

**4.6.-** Os representantes legais do alumno tamén deberán indicar se o alumno presenta necesidades específicas de apoio educativo (achegando, se fose o caso, a documentación que acredite as circunstancias alegadas). Estas solicitudes para prazas reservadas a nenos con NEAE deben ser remitidas á Xefatura Territorial á maior brevidade posible, e sempre nun prazo máximo de dez días hábiles contados dende o día seguinte á súa presentación. Deben ir acompañadas da avaliación psicopedagóxica inicial realizada polo centro para a súa valoración polo EOE (art. 38.1 da Orde do 12 de marzo de 2013).

**4.7.-** Toda a documentación deberá ser orixinal ou copia cotexada; bastará para iso co selo do centro.

**4.8.-** Cando en educación infantil, de acordo co procedemento establecido, se opte pola permanencia dunha nena ou neno con necesidades educativas especiais un ano máis no primeiro ciclo, a súa incorporación ao segundo ciclo realizarase ao primeiro curso dese ciclo, aínda que non se axuste ás condicións de idade requiridas. Este alumnado poderá optar á reserva de prazas establecida con carácter xeral para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo que se escolariza no primeiro curso do segundo ciclo de educación infantil (Artigo 17.3 do Decreto 229/2011- DOG 21/12).



**4.9.-** Segundo se indica no artigo 34 da Orde do 12 de marzo, as direccións dos centros públicos e os titulares dos centros concertados remitirán inmediatamente á Xefatura Territorial as solicitudes duplicadas.

**4.10.-** As solicitudes fóra de prazo, presentadas entre o 21 de marzo e o último día do prazo ordinario de matrícula segundo a etapa na que se solicite a escolarización, (artigo 34 da Orde do 12/03/13) remitiranse tamén á Xefatura Territorial da CEUFP.

**4.11.-** Na solicitude de admisión, concretamente no Anexo II, folia 3, columna "Marcar", serán os solicitantes os que deben sinalar os conceptos do baremo nos que desexan ser puntuados.

#### **Punto 5. Sobre a garantía de permanencia:**

**5.1.-** Unha vez admitido un alumno nun centro queda garantida a súa permanencia no mesmo ata a finalización das ensinanzas que o centro estea autorizado a impartir.

**5.2.-** O cambio de curso, ciclo, nivel ou etapa non requirirá un novo procedemento de admisión, agás que coincida cun cambio de centro. Se é o caso, os titores legais do alumno deberán remitir ao centro unha copia da solicitude que formulen para ser admitido noutro centro. A admisión do alumno no novo centro implicará a perda do dereito de permanencia.

**5.3.-** No caso de alumnos que solicitan cambio de centro, o director do centro receptor deberá comunicar ao director do centro de procedencia a admisión do alumno/a tan pronto como se produza.

#### **Punto 6. Sobre as reservas nos centros adscritos:**

**6.1.-** As renuncias ás solicitudes de reserva de praza nun centro de adscrición deben ser presentadas antes do 1 de marzo (art. 11.2 da Orde do 12 de marzo).

#### **Punto 7. Sobre a proximidade do domicilio familiar ao centro:**

**7.1.-** Este concepto aparece aclarado no punto 6.c da instrución da Dirección Xeral.

**7.2.-** Cando o certificado de empadramento non cumpra o requisito de antigüidade esixido no artigo 22.3 da Orde do 12 de marzo, poderá xustificarse diante dos órganos competentes do mesmo xeito reflectido no artigo 22.4 para o caso de non coincidencia dos domicilios familiar e fiscal.

**7.3.-** Os directores dos centros velarán para que todos os datos que se consignen na solicitude de admisión estean correctamente cubertos e as autorizacións debidamente asinadas.



## **Punto 8. Sobre a renda da unidade familiar:**

**8.1.-** Na solicitude de admisión os representantes legais do alumno autorizarán expresamente a utilización da información de carácter tributario que se precisa para a acreditación da renda anual da unidade familiar, que será subministrada directamente á Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional pola Axencia Estatal de Administración Tributaria. Tanto que se opte por unha tributación conxunta, como individual, a autorización concederáse por ambos os dous cónxuxes e deben figurar todos os declarantes da unidade familiar.

## **Punto 9. Sobre as discapacidades:**

**9.1.-** Puntuaranse só as discapacidades en grao igual ou superior ao 33 por 100.

**9.2.-** Cando se alegue unha discapacidade do alumno, nai, pai ou titores legais ou algún dos seus irmáns, se non se autoriza a verificación telemática, esta deberá acreditarse mediante a certificación do ditame emitido polo órgano competente da Xunta de Galicia ou, se é o caso, doutras Administracións Públicas.

## **8.4 Punto 10. Traslados por motivos laborais**

**10.1.-** Sen prexuízo de todo o exposto anteriormente terá prioridade na área de escolarización que corresponda ao seu domicilio familiar ou laboral o alumnado que deba ser escolarizado por traslado da unidade familiar debido á mobilidade forzosa de calquera dos pais ou por un cambio de localidade derivado de actos de violencia de xénero. Se despois de aplicado o baremo non obtivesen praza en ningún centro da área de escolarización citada deberán tomarse as medidas oportunas para asignarlles a praza nela.

## **Punto 11. Sobre as familias monoparentais:**

**11.1.-** Enténdese por familia monoparental a composta por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

**11.2.-** Para a valoración do criterio de familia monoparental, a persoa interesada terá que presentar a certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou da autoridade competente doutras administracións públicas.



## **Punto 12. Sobre a documentación que deben remitir os centros:**

**12.1.-** As direccións dos centros públicos e os titulares dos centros privados concertados remitirán, debidamente selada, á Xefatura Territorial da Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional, no prazo de dous días hábiles seguintes á exposición da listaxe definitiva de admitidos, a seguinte documentación:

a) Copia das listaxes definitivas de admitidos (coa puntuación obtida), indicando o centro de procedencia, de ser o caso.

b) Número de postos escolares non cubertos, detallados por cursos.

c) Listaxe do alumnado que non resultou admitido no centro (incluído o de NEAE), indicando a puntuación obtida, xunto coa documentación presentada. As solicitudes estarán ordenadas alfabeticamente e por niveis, debidamente seladas e rexistradas para que a Xefatura Territorial da Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional da Coruña lles adxudique praza no procedemento subsidiario recollido no capítulo IV da Orde do 12 de marzo de 2013. A entrega farase nos rexistros das sedes das zonas de inspección educativa correspondentes (Ferrol, Santiago e A Coruña)

## **Punto 13 Sobre as comisións de escolarización**

**13.1.-** Calquera dúbida poderá ser resolta nas seguintes direccións de correo electrónico das comisións de escolarización:

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Ames:

[maria.carmen.garcia.rodriguez@edu.xunta.es](mailto:maria.carmen.garcia.rodriguez@edu.xunta.es)

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Arteixo:

[mtrigas@edu.xunta.es](mailto:mtrigas@edu.xunta.es)

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Boiro:

[carmen.ares@edu.xunta.es](mailto:carmen.ares@edu.xunta.es)

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Cambre:

[j.carlosvarela@edu.xunta.es](mailto:j.carlosvarela@edu.xunta.es)

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Carballo:

[m.luisagarcia@edu.xunta.es](mailto:m.luisagarcia@edu.xunta.es)



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Xefatura Territorial – A Coruña

Edificio Administrativo de Monelos  
Rúa Vicente Ferrer, 2  
15071 A Coruña  
Tel.: 981 184701  
Fax: 981 184785  
e-mail:  
xefe.territorial.coruna@edu.xunta.es



Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización da Coruña:

[mdb@edu.xunta.es](mailto:mdb@edu.xunta.es)

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Culleredo:

[jvcaruncho@edu.xunta.es](mailto:jvcaruncho@edu.xunta.es)

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Ferrol:

[elenaurtiaga@edu.xunta.es](mailto:elenaurtiaga@edu.xunta.es)

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Melide:

[efernandez@edu.xunta.es](mailto:efernandez@edu.xunta.es)

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Narón:

[rubenpj25@edu.xunta.es](mailto:rubenpj25@edu.xunta.es)

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Oleiros:

[conchita.aramburu@edu.xunta.es](mailto:conchita.aramburu@edu.xunta.es)

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Ribeira:

[marinaarmada@edu.xunta.es](mailto:marinaarmada@edu.xunta.es)

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Sada:

[isabel.garcia.vila@edu.xunta.es](mailto:isabel.garcia.vila@edu.xunta.es)

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Santiago de Compostela:

[manuel.guerra@edu.xunta.es](mailto:manuel.guerra@edu.xunta.es)

A Coruña, 18 de febreiro de 2019

○ xefe territorial

Asdo.: Indalecio Cabana Leira

